

ACORDO DA MESA SECTORIAL, DO 28 DE SETEMBRO DE 2022, SOBRE CRITERIOS DE INCORPORACIÓN E CESAMENTO

Pola Administración

Sofía López Linares.- Directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.- Consellería de Sanidade.

Ana María Comesaña Álvarez.- Directora xeral de Recursos Humanos.- Servizo Galego de Saúde.

María José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Selección de Persoal.- Servizo Galego de Saúde.

Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais.- Servizo Galego de Saúde.

Margarita Prado Vaamonde.- Subdirectora xeral de Políticas de Persoal.- Servizo Galego de Saúde.

Nieves Fiel Paz.- Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional.- Servizo Galego de Saúde.

Javier García Caeiro, xefe do Servizo de Planificación Normativa.

Daniel González Ramos, xefe do Servizo de Selección Temporal.

Polas organizacións sindicais

Manuel González Moreira (CIG)

Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)

Eva María Vidal Marcote (CCOO)

Marisol López López (CCOO)

Carlos Castro Rivas (CSI-F)

Carolina Moldes Castiñeira (CSI-F)

Manuel González Vázquez (CSI-F)

María Lourdes Carbajo Núñez (SATSE)

María Asunción Maus Gómez (SATSE)

Judit Fernández Rivas (SATSE)

Carlos Cancela Rodríguez (UGT)

Yésica López Curbeira (UGT)

Na sala de reunións do Servizo Galego de Saúde, en Santiago de Compostela, reúnese o 28 de setembro de 2022 a Mesa Sectorial.

Tras analizar e debater a proposta remitida no día de onte pola Administración, adóptase por unanimidade o seguinte

ACORDO SOBRE CRITERIOS DE INCORPORACIÓN E CESAMENTO

Recentemente, polo Real Decreto-lei 12/2022, do 5 de xullo de 2022, foi modificada a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, realizando así a adaptación da normativa do persoal estatutario prevista na disposición final segunda da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urgentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Esta reforma obriga expresamente ás administracións sanitarias a promover o desenvolvemento de criterios de actuación dirixidos a limitar a temporalidade, e entre as súas novidades máis relevantes figura o principio xeral de fixar en tres anos a duración máxima dos nomeamentos de persoal interino en praza vacante.

Esta modificación normativa obriga a revisar os criterios de incorporación e cesamento que establece o capítulo V do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, co fin de adaptalos á finalidade da lei (redución da temporalidade).

Porén, para revisar os criterios hai que ter en conta outras consideracións:

1ª Nos próximos meses -antes do 31 de decembro de 2022- serán convocados os procesos de estabilización de emprego temporal executados en aplicación da propia Lei 20/2021 e que son obxecto do Decreto 81/2022, do 25 de maio (*Diario Oficial de Galicia* do 30 de maio), polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia.

2ª A disposición transitoria primeira do real decreto-lei 12/2022 (*efectos*) establece que "as previsións contidas neste real decreto-lei serán de aplicación unicamente respecto do personal estatutario temporal nomeado ou contratado con posterioridade á súa entrada en vigor".

3ª Nos próximos meses finalizarán varios procesos de selección, convocados con anterioridade á Lei 20/2021, nos que xa realizaron os exercicios da fase de oposición.

Con base no que antecede parece oportuno adiar a un momento posterior a negociación dos novos criterios de incorporación e cesamento; en concreto, a un momento posterior ás convocatorias dos ditos procesos de estabilización.

En consecuencia, as partes asinantes

ACORDAN:

1. Revisar os criterios de incorporación e cesamento para os procesos de estabilización executados en aplicación da Lei 20/2021, do 28 de decembro, unha vez que sexan todos convocados. A negociación atenderá ao principio xeral de reducir a temporalidade e de outorgar relevancia, como criterio de cesamento, á maior antigüidade dos nomeamentos temporais, nas condicións que resulten da negociación.
2. Manter transitoriamente os criterios que establecen o capítulo V do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e os acordos complementarios da Mesa Sectorial.

Pola Administración:

Ana María Comesaña Álvarez.- Directora xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

María José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Selección de Persoal do Servizo Galego de Saúde.

Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Margarita Prado Vaamonde.- Subdirectora xeral de Políticas de Persoal do Servizo Galego de Saúde.

Nieves Fiel Paz.- Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

Polas Organizacións Sindicais:




CIG




CCOO



CSIR



SATSE



UGT